

(EN)FOCO
herdanza africana

VENRES 24 MAIO 2024

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sebastian Zinca, director

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

HANNA KENDALL (1984)

Tuxedo: Vasco de Gama*

**Estrea en España*

MISSY MAZZOLI (1980)

River Rouge Transfigurations

FLORENCE PRICE (1887-1953)

Sinfonía núm. 1

Allegro ma non troppo

Largo, maestoso

Juba Dance: Allegro

Finale: Presto

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Sebastian Zinca

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Ildiko Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Irina Gruia

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Ignacio Marino

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Carlos García
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto
Carmen Ferreiro (R)
Marta Zlatkovic ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunção
(R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega
Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Ramón Llátser *
Oscar Rial (R)

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Rita Fernández (R)
Victor Collazo (R)

TUBA

Hugo Portas (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Pablo Cabanelas (R)
Juan V. Mouzo (R)
Darío González (R)

PIANO / CELESTA

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Sebastian Zinca

Director

Sebastian Zinca foi elixido director asistente da Real Filharmonía de Galicia para o ano 2024, no que traballa en estreita colaboración co director titular Baldur Brönnimann.

Tras a súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de *O Nariz* de Shostakovich, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de *Suor Angelica* de Puccini, *L'Amico Fritz* de Mascagni, *O Diario de Ana*

Frank de Frid e *Alcina* de Haendel, esta última interpretada con instrumentos de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto de *La Bohème* en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplice recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en *Così fan tutte*.

Ademais, dirixiu a Orquestra da Ópera Cómica de Berlín, a Academia de Cámara de Potsdam, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Filharmónica de Helsinki, a Tapiola Sinfonietta de Espoo (Finlandia), a PKF - Filharmónica de Praga, o Teatro Estatal de Cottbus, a Sinfónica de Lahti, a Filharmónica de Magdeburg, a Orquestra Sinfónica de Oulu e a Orquestra de Cámara de Ostrobotnia.

A Zinca gústalle atopar formas creativas de presentar a música clásica ao público. Mentres vivía en Nova York, reuniu unha orquestra de estudantes e antigos alumnos de Juilliard e Yale. O concerto final da orquestra incluíu varias estreas mundiais, unha colaboración co mozo

virtuoso do jazz Vuyo Sotashe, unha sinfonía de Mendelssohn, e culminou cunha interpretación a grande escala do himno do movemento polos dereitos civís *We Shall Overcome*, arranxada por Zinca para orquestra, cantante, trobador e coro de todo o público. Ademais, mentres vivía en Helsinqui, Zinca organizou un popular evento mensual de micrófono aberto que incluía actuacións de música clásica entre as doutros moitos xéneros, e durante a súa estancia no Festival de Lucerna organizou unha actuación ao aire libre da *Sinfonía núm. 40* de Mozart con estudantes da Academia do Festival.

Zinca completou os estudos de dirección na Academia Sibelius como alumno de Sakari Oramo, así como un curso de estudos avanzados na Universidade das Artes de Berlín como alumno de Harry Curtis. Na Academia Sibelius recibiu clases adicionais de Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Nicholás Pasquet, Susanna Mälkki, Hannu Lintu e Péter Eötvös.

Zinca é natural de Miami (Florida) e fillo de pai romanés e nai peruana. Antes de dirixir,

estudou contrabaixo na Juilliard School. Como músico de orquestra actuou con varios dos principais mestres do mundo no Carnegie Hall, o Suntory Hall, o Royal Albert Hall, o Conservatorio de Moscova e o Teatro Mariinsky. En 2017 interpretou un programa de música conmemorativa do Holocausto en Auschwitz e ademais ofreceu máis de 40 concertos en hospitais, residencias de anciáns e refuxios para persoas sen fogar.

NOTAS AO PROGRAMA

Herdanza Africana. Ciclo (EN)FOCO

Herdanza africana, é o concerto de despedida do ciclo (EN)FOCO da Real Filharmonía de Galicia. Trátase dun programa singular e innovador que nos achega a obras de tres compositoras que destacan polo seu compromiso coa causa feminista e que acadaron, como veremos, fitos fundamentais neste terreo.

A primeira obra que escoitaremos é *Tuxedo: Vasco de Gama* de Hannah Kendall (1984). Nada en Londres, Kendall estudou música na Universidade de Exeter (Reino Unido), un mestrado de composición no Royal College of Music e un doutoramento na Universidade de Columbia (Nova York). Na súa música mestura distintas culturas e tradicións e habitualmente colabora con artistas doutras disciplinas como coreógrafos, poetas ou pintores. Trátase dunha autora moi recoñecida e traballa con

frecuencia con institucións tan prestixiosas como a Orquestra Sinfónica da BBC, a Filharmónica de Los Ángeles e a Filharmónica de Nova York. No ano 2022 recibiu o premio no concurso Hindemith de composición. Algunhas das súas obras máis destacadas son *Desillusioned Dreamer*, *The Knife or Dawn* (ópera de cámara sobre o encarceramento do poeta güianés Martin Carter) ou a serie *Tuxedo*. Esta última está conformada por un conxunto de pezas para distintas agrupacións inspiradas na obra homónima do artista Jean-Michel Basquiat con títulos como *Tuxedo: Between carnival and lent*, para *ensemble* de cámara e contralto; *Tuxedo: Hot summer no water*, para violoncello, ou, entre outras, a obra que forma parte do programa. *Tuxedo: Vasco de Gama* foi un encargo para os Proms da BBC que cada ano se celebran en Londres e estreouse no Royal Albert Hall o 28 de agosto de 2020 coa Orquestra Sinfónica da BBC baixo a batuta de Sakari Oramo. É unha

peza orquestral breve que homenaxea a figura de Vasco de Gama, o primeiro europeo que viaxou a Asia por mar e supón unha reflexión sobre a globalización e o multiculturalismo. Un trazo moi característico de Kendall e que vemos reflexado en *Tuxedo: Vasco de Gama* é a introdución de instrumentos auxiliares que non son frecuentes na sala de concertos, neste caso varias caixiñas de música que soan cara ao final da obra nunha especie de “clímax musical invertido” con melodías tan populares na cultura europea como o *Danubio Azul* ou o *Lago dos cisnes*. A interpretación desta noite supón a primeira audición en España desta obra.

A continuación, *River Rouge Transfigurations* de Missy Mazzoli (1980). A autora, orixinaria de Pensilvania (EUA) formouse na Escola de Música de Yale, o Real Conservatorio da Haia e na Universidade de Boston e é considerada pola prensa americana como “unha das compositoras máis consistentemente

inventivas e sorprendentes que traballan actualmente en Nova York” (*New York Times*) e como “a Mozart posmilenial de Brooklyn” (*Time Out New York*). En 2018 foi, xunto a Jeanine Tesori, a primeira muller en recibir un encargo da Metropolitan Opera de Nova York, que se plasmou nunha ópera baseada na novela experimental *Lincoln in the Bardo* de George Saunders e que se estreará en 2026. Mazzoli é actualmente compositora residente da Orquestra Sinfónica de Chicago e tamén o foi da Ópera de Filadelfia entre 2012 e 2015. Ao ano seguinte, en 2016, emprendeu un interesante proxecto xunto a Ellen Reid, o Luna Lab, un programa de titoría para compositoras novas creado en asociación co Kaufman Music Center. O seu catálogo compositivo é amplo e variado e inclúe música de cámara, orquestral, ópera, ballet, música vocal, para instrumento só ou bandas sonoras. *River Rouge Transfigurations* foi un encargo da Sinfónica de Detroit e está dedicada a

NOTAS AO PROGRAMA

Elaine Lebenbom, a primeira compositora en conseguir un título de música na Universidade de Michigan en 1955, ademais de ser unha firme loitadora contra o sexismo e o antisemitismo. A obra estreouse o 31 de maio de 2013 pola Orquestra Sinfónica de Detroit baixo a batuta de Leonard Slatkin. Mazzoli explica como quedou fascinada pola vella cidade industrial en 2010 despois dun concerto coa banda Victoire, onde a compositora toca o teclado. Foi entón cando iniciou a súa particular investigación baseándose en autores como o escritor Louis-Ferdinand Céline e a súa novela *Viaxe ao final da noite* ou o fotógrafo Charles Sheeler. A inspiración da obra foi precisamente unha fotografía deste artista sobre a planta River Rouge de Detroit, onde esta semella un enorme órgano de tubos. River Rouge foi un complexo industrial da compañía automobilística Ford situado no río Rouge que se construíu entre 1917 e 1928 e que chegou a ser a fábrica integrada máis

grande do mundo. Mazzoli abre as súas notas ao programa sobre esta obra coa seguinte cita extraída da novela de Céline: “Ao meu redor e por riba de min ata o ceo, o ruxido pesado, composto, xordo de torrentes de máquinas, rodas duras que xiran obstinadamente, renxen, xemen, sempre a punto de avariarse, pero nunca se avarían”. A obra aborda así, tal e como ela explica, a transformación do valor e o ruído representados pola percusión, o piano, a arpa e o *pizzicato* das cordas; á súa vez intensos corais nos metais e as cordas chocan entre si, colapsan, elevándose de novo unha e outra vez.

Remata o concerto coa *Sinfonía núm. 1* de Florence Price (1887-1953), se cadra a máis adiantada das tres compositoras pola complexa época que lle tocou vivir como muller afroamericana nos EUA tal e como ela mesma recoñecía nunha carta ao director de orquestra Koussevitzky: “Desafortunadamente moitos preconiben

o traballo dunha muller compositora como lixeiro, espumoso, carente de profundidade, lóxica e virilidade [...] Agregue a iso o incidente racial (teño sangue de color nas miñas veas) e comprenderá algunhas das dificultades que enfrenta alguén en tal posición”. Orixinaria de Little Rock (Arkansas), Price foi redescuberta en 2009 gracias a unha anécdota ben simpática: unha parella atopou no ático da casa á que acababan de mudarse unhas follas amarelas con música e o nome desta compositora negra que, a pesar dos seus vínculos coa Sinfónica de Chicago, dos que logo falaremos, foi descoidada e esquecida durante décadas. A súa é sen dúbida unha historia de loita e superación. En 1903, con dezaseis anos mudouse a Boston para estudar no Conservatorio de Nova Inglaterra, graduándose en piano e órgano. Ao rematar a carreira retornou á súa terra onde comezou a impartir docencia e formou unha familia. O seu espírito inconformista fixo que nos

veráns de 1926 e 1927 viaxara a Chicago para formarse en composición no Chicago Musical College. Ese mesmo ano decidiu mudarse coa súa familia á cidade na procura de oportunidades e fuxindo da persecución racista que os negros estaban sufrindo nos estados do sur. En 1930 divórciase do seu marido e consegue a custodia dos fillos. As dificultades económicas comezan a axexala e moitas veces para chegar a fin de mes tocaba o piano en películas de cine mudo. En 1931 inicia a composición da obra que cambiaría o rumbo da súa vida e da súa carreira e que hoxe teremos ocasión de escoitar: a *Sinfonía núm. 1 en Mi m.* Este traballo foi estreado o 15 de xuño de 1933 pola Sinfónica de Chicago dirixida por Frederick Stock no Auditorium Theatre dentro do marco da Exposición Universal que tivo lugar en Chicago e que levou por título ‘Exposición Internacional Século de Progreso’. Esta estrea constitúe todo un fito, posto que foi a primeira interpretación

NOTAS AO PROGRAMA

dunha composición a gran escala dunha compositora negra a cargo dunha das principais orquestras estadounidenses. Así se recollía o acontecemento nunha crónica de Nahum Daniel Brasher no *Chicago Defender*, a principal publicación negra por aquel entón: “Primeiro houbo un sentimento de asombro cando a Orquestra Sinfónica de Chicago, unha agrupación de mestres homes e brancos, dirixida por Stock, director de orquestra coñecido internacionalmente, interpretou os fermosos e harmoniosos acordes dunha muller negra [...] É o inicio dunha nova era para nós”. A sinfonía segue o modelo europeo en catro movementos, pero nela introdúcese material doutros mundos no campo harmónico e melódico, como Dvořák fixera na súa *Sinfonía do novo mundo*. O primeiro movemento, *Allegro ma non troppo* responde a unha forma sonata escolástica, dividida en tres partes: exposición (con dous temas contrastantes), desenvolvemento e

recapitulación (coa volta dos dous temas iniciais). O segundo, *Largo Maestoso*, é unha especie de himno onde destacan os corais dos instrumentos de vento metal. Seguidamente, e no lugar que ocuparía un *Minueto* nunha sinfonía de Mozart, atopamos *Juba Dance: Allegro*, unha danza con ritmos sincopados propios do *juba*, a música que os escravos negros interpretaban co banxo e o violín. O último, *Finale: Presto* está estruturado como un rondó, é dicir, atoparemos unha e outra vez un tema que reaparece á maneira dun retrouso. A compositora introduce neste movemento escalas propias doutros estilos como o jazz e o blues. Florence Price morreu en 1953 por mor dun derrame cerebral. As últimas décadas da súa vida foron un símbolo de loita por ser programada, escribindo a orquestras como a Sinfónica de Boston, a Filharmónica de Nova York ou a propia Sinfónica de Chicago (que non volveu a tocar ningunha obra desta compositora ata 2013) sen conseguir o seu

obxectivo. A inesperada descuberta no vello ático do seu legado serviu de acicate para recuperar a súa figura, ademais de descubrir obras que non se coñecían ata o momento como unha cuarta sinfonía ou dous concertos para violín. Nos últimos anos apareceron varias biografías sobre Price e paseniñamente volve incorporarse nas programacións orquestrais.

En suma: un programa de mulleres extraordinarias, abandeiradas, moi formadas no seu campo e que loitaron, e nalgúns casos seguen a facelo, polo fin da discriminación sexista e racial. A historia da música occidental que acostuma estudarse nos centros de ensino segue a ser unha historia de homes brancos, sendo este tamén o perfil maioritario que atopamos nas programacións orquestrais. Iniciativas como este concerto do ciclo (EN)FOCO achegan un gran de area nun longo camiño que queda por percorrer e nun momento no que non deberíamos dar nada por suposto visto o auxe de movementos

de extrema dereita e ultra-conservadores no noso contexto.

Carme Tubío Barreira

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

fin da viaxe

XOVES 30 MAIO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Rosanne Philippens

Sala Mozart, 19:45 h

Baldur Brönnimann, director

Rosanne Philippens, violín

- John Cage: Atlas Eclipticalis
Estrea en España
- Erich W. Korngold: Concerto para violín en Re Maior, op. 35
- Igor Stravinski: Sinfonía en 3 movementos

**Coa participación do alumnado da EAEM*

Ao remate do concerto, servirase un viño por cortesía de Galicia Calidade